

# **PROXECTO DE RESTAURACIÓN DA CAPELA DE NOSA SEÑORA DO CARME**

## **FASE QUINTA**

Todas as obras que se van especificar neste relatorio non estaban previstas para o ano 2021; estaban certamente chamadas a restaurarse no decorrer de varios anos consecutivos tendo en conta a capacidade económica da Parroquia para poder afrontar o seu pagamento. A situación de pandemia COVID-19 acontecida no ano 2020, fixo que dende marzo deste ano fose clausurada a Capela e así cesou todo o Culto ata a data na que se redacta este documento. Este feito acelerou o deterioro do Retablo, do Altar e das paredes do templo pola humidade, co cal se fixo inevitable proceder a súa inmediata restauración.

Este é a descrición da restauración realizada nesta fase quinta:

### **PETO DE ÁNIMAS EXTERNO**

A Capela de Nosa Señora do Carme de As Pontes de García Rodríguez posúe unha característica singular que é a de ter un “peto de ánimas” apegado ó propio templo. A reforma que se fixo nel consistiu en refacelo todo de novo seguindo o modelo do que xa había, o cal acusaba un deterioro moi importante en toda a súa estrutura chegando a ser a causa de varias filtracións ó interior da Capela; así mesmo un lateral da súa parte superior estaba moi danada e rota. O peto anterior era unha mestura de pedra de Moeche e granito pulido, o que está agora feito e todo integramente de granito pulido e traballado a man, tal e como se esixen as normas do Patrimonio Xeral de Galicia. Tan só se lle engadiu o escudo propio da Orde Carmelita co seu lema en lingua latina, dándolle así un carácter propio o que representa a dedicación a Virxe Santísima do Monte Carmelo. No seu interno, quíxose plasmar o sentido orixinal como peto de ánimas, facendo unha copia en pedra dun antigo cadro que se conserva na sancristía onde se representa a Virxe do Carme entregando o Escapulario ás Ánimas do Purgatorio para salvarse.

## **RETABLO E ALTAR**

Xa dende fai dez anos, aproximadamente, se solicitou un informe de restauración do Retablo da Capela, debido a que xa daquela, presentaba infección de polilla, cousa que ata o momento de agora chegou a unha total infección en toda a estrutura, de feito a súa parte superior resulta irrecuperable. A todo isto hai que engadir que nunha época fíxose un pintado con pintura de parede que incapacita a súa boa restauración (ver informe detallado da súa posible restauración).

Ante este panorama a opción máis proporcionada é proceder cun tratamento de conxelado da estrutura que se pode salvar de dito retablo, durante dous meses e logo trasladalo da súa situación orixinal á sancristía na mesma parede que divide as dúas estancias do templo.

O novo retablo realizado está orientado tamén a organizar o sentido propio da titularidade da Capela, xa que o retablo anterior non pertencía a esta capela, senón a outra capela dedicada a Santa María Magdalena. Trátase por tanto de encadrar como centro á Imaxe de Nosa Señora do Carme no que sería o Escudo anteriormente citado; a representación e a do Monte Carmelo que remata nunha cruz, a de Xesús Cristo, Monte de Salvación, tres estrelas, dúas na parte superior, representando ós salvados e unha na parte inferior, na que está enxertado o Sagrario, que representa ós cristiáns vivos no presente. Todo isto está elaborado en madeira de castaño e cun fondo de pintura propio dos color ocre do Carme.

Séguese conservando a imaxe de Santa María Magdalena que irá colocada no lateral dereito., incorporando unha imaxe antiga de San Xosé, padroeiro do Carmelo.

Tamén o Altar onde se celebra a Eucaristía, moderno de 1980, feito de chapa de madeira e oco no seu interior, foi presa da polilla ó igual ca súa base. Seguindo as normas litúrxicas que aconsellan que sexa de pedra ou semellantes e que estea incrustado no solo, elaborouse un novo con granito e traballado a man.

## **PINTADO DE PAREDES INTERNAS**

Xa por último, sinalar que a falta de uso da Capela fixo que as paredes internas presentasen graves humidades fixeron que a pintura, de mala calidade, estalase aparecendo zonas moi afectadas. Era pois urxente aplicar un novo pintado, con pintura apropiada, que evitase estas humidades e mantivera a estética da Capela en consonancia con todo o conxunto.

